EXPEDIENTE 2025/G010/000012. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 4 DE SETEMBRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/13

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 4 de setembro de 2025

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 21.30 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/T017/000001. Conta xeral da Entidade Local Concello de Touro correspondente ao exercicio de 2024. Aprobación.

2 EXPEDIENTE 2025/G006/000233. Representantes municipais en institucións, organismos e órganos municipais. Aprobación.

3 EXPEDIENTE 2025/G006/000234. Composición das comisións informativas. Aprobación.

4 EXPEDIENTE 2025/G006/000236. Réxime de indemnizacións e asistencias das persoas integrantes da Corporación municipal. Aprobación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/G003/000331. Nomeamento Tenentes Alcaldes. Toma de razón decreto da Alcaldía nº 324/2015 do 1 de setembro de 2025.

6 EXPEDIENTE 2025/G003/000332. Áreas de goberno e concellerías delegadas. Toma de razón decreto da Alcaldía nº 325/2015 do 1 de setembro de 2025.

7 EXPEDIENTE 2025/G003/000333. Nomeamento membros Xunta de Goberno Local. Toma de razón decreto da Alcaldía nº 326/2015 do 1 de setembro de 2025.

8 EXPEDIENTE 2025/G003/000334. Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Toma de razón decreto da Alcaldía nº 327/2015 do 1 de setembro de 2025.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/T017/000001. CONTA XERAL DA ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE TOURO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2024. APROBACIÓN.

Por parte da secretaría-intervención dase unha breve explicación sobre a proposta presentada pola alcaldía para a súa aprobación co seguinte contido:

ANTECEDENTES

- EXPEDIENTE 2025/T019/000001. Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2024.

- Decreto da Alcaldía n.º 129/2025 do 29.04.2025, polo que se aproba a liquidación do orzamento do ano 2024, que amosa a existencia dun remanente de tesourería para gastos xerais de 2.042.834,59 €.

- Expediente 2025/T017/000001 incoado para aprobar a Conta Xeral da Entidade Local Concello de Touro onde conta:

- Dictame da Comisión Especial de Contas (15.07.2025).
- Exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nº 140 de data 24 de xullo de 2025.
- Certificado de secretaría-intervención onde consta a non presentación de alegacións, observacións, reparos ou observacións algunha.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

- Artigos 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

- Artigos 191 a 193 (liquidación de orzamentos) e 208 a 212 (conta xeral) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL, en adiante).

- Artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.

- Regras 44 e seguintes da Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.

- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

- Orde EHA/3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

- Resolución do 1 de xuño de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno de 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se Ditan Medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- Regulamento Nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (SEC-2010), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Cumprida a tramitación prevista TRLRFL e no informado pola secretaría-intervención (informe de 25 de xuño de 2025) a Conta Xeral debe someterse ao Pleno da Corporación para súa aprobación antes do día 1 de outubro, polo que se realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Someter a aprobación da Conta Xeral da Entidade Local do Concello de Touro correspondente ao ano 2024, nos termos que coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO. Remitir ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 10 de marzo de 2020 pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no Acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. (DOG nº 54 de 10 de marzo de 2020).

En relación co formato, terase en conta a Resolución de 22 de decembro de 2022, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se modifica o formato das contas anuais consolidadas previsto na Resolución de 13 de novembro de 2015, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades locais en soporte informático para a súa rendición. (BOE nº 3 de 4 de xaneiro de 2023).

INTERVENCIÓNS

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di qee lle corresponde ao goberno anterior, unha dúbida que teño sobre unha partida de acreedores por operación devengadas por noventa e dous mil euros fai referencias as facturas de Trastambre e pregunto se se vai pagar, que pensa facer o novo goberno.

O Sr. alcalde di que o anterior goberno municipal adquiriu un compromiso con Espina y Delfín para frente a ese factura, a nós persoalmente non é sistema que máis nos gustaba, preferíamos pagar directamente a Trastambre se había que pagarlle, hai ese compromiso adquirido e imos respetalo sempre que se manteñan os importes, non haxa unha doble facturación e ademais estudiaremos con Espina dado que esa auga se lle da depurada e bombeada a maneira en que Espina compensará ao Concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Hai que traela a un recoñecemento extraxudicial cun sumplemento de crédito me parece.

A intención do goberno é pagar iso, é un subministro que se prestou, creo que non ten sentido seguir dilatando ese tema e por non compricalo máis seguiremos co compromiso que adquiriu o goberno anterior.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao fai unha segunda pregunta respecto dos saldos das contas, xa que en Abanca había sesenta e un mil euros e no Sabadell dous millóns e medio, a pregunta é se o goberno ten pensado seguir con esa conta aberta no Sabadell.

O Sr. alcalde di que a intención que teñen e retornar a maioría dos cartos a Abanca, pero non por desfacer unha operación anterior, vamos a tratar de que Abanca nos mellore as condicións, senón as mellorara sacaríamolo a procedemento aberto o depósito de fondos, era o compromiso que tiñamos na oposición e o imos manter. Imos deixar aberta a conta do Sabadell porque hai unha pasarela de pago de prezos públicos que parece ser que está funcionando correctamente e non ten sentido desfacerse dela, manteriamos un saldo máis baixo. A conta de referencia do Concello vai ser a de Abanca como había sido a antes desta apertura e queremos que Abanca se comprometa co Concello e mellore as condicións, se non fora así probablemente a principios de ano sacarémolo a concurso, faremos un pliego e aquela entidad que faga a mellor oferta levará o depósito de fondos.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da Conta Xeral de 2024, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/G006/000233. REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN INSTITUCIÓNS, ORGANISMOS E ÓRGANOS MUNICIPAIS. APROBACIÓN.

O Secretario-interventor fai un resumo da seguinte proposta que consta no expediente co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

*12.08.2025 Elección alcalde**.***

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais é preciso nomear aos concelleiros/as nos distintos órganos colexiados con representación municipal.

A competencia para o dito nomeamento correspóndelle ao Pleno do Concello.

Ó Concello de Touro correspóndelle nomear:

1 representante no Consello Escolar.

1 representante no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

1 representante na Fundación Refuxio de Animais de Bando.

1 representante no GDR Ulla-Tambre-Mandeo.

PROPOSTA DE ACORDO

***PRIMEIRO.** Designar como representantes no Consello Escolar a:*

Titular: Rebeca María Codesido Barreiro

Suplente: Isolina Suárez Millán

***SEGUNDO.** Designar como representantes no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.*

Titular: Rebeca María Codesido Barreiro

Suplente: María del Carmen Carreira Tojo

***TERCEIRO.** Designar como representante de GDR Ulla-Tambre-Mandeo a:*

Titular: Jesús José Reboredo González

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Suplente: Alfredo Souto Castelo

CUARTO. *Designar como representante da Fundación Refuxio de Animais de Bando a:*

Titular: Jesús José Reboredo González

Suplente: Alfredo Souto Castelo

QUINTO. *Dar traslado das designacións ás citadas institucións, organismos e órganos municipais.*

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da proposta, que resultou aprobada pola maioría absoluta por seis votos a favor (5 concelleiros do PP e o Concelleiro non adscrito) e cinco abstencións (3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG e o 1 Concelleiro do BNG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

3 EXPEDIENTE 2025/G006/000234. COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. APROBACIÓN.

O Secretario-interventor fai un resumo da seguinte proposta que consta no expediente co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES:

O 10 de xullo de 2025 o Pleno da Corporación aprobou a composición das Comisións Informativas creadas por acordo plenario do 18 de xullo de 2023.

O 12 de agosto de 2025 procedeuse á elección de alcalde.

Ao abeiro do anterior, proponse ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Establecer a composición das Comisións Informativas creadas por acordo plenario do 18 de xullo de 2023 do seguinte xeito:

Comisión informativa	***Asuntos sobre os que emitirá ditame:***	***Composición e funcionamento***
Comisión informativa de facenda e especial de contas	*Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de economía, facenda e contas*	*Presidenta: María del Carmen Carreira Tojo* *4 representantes do PP* *3 representantes de MVT* *1 representante de PG* *1 representante de BNG* *1 Concelleiro non adscrito*
Comisión informativa de obras	*Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de Obras*	*Presidente: Alfredo Souto Castelo* *4 representantes do PP* *3 representantes de MVT* *1 representante de PG* *1 representante de BNG* *1 Concelleiro non adscrito*
Comisión informativa de asuntos xerais	*Ditaminará sobre os demais asuntos de competencia plenaria que non teñan cabida nas demais comisións informativas*	*Presidenta: Isolina Suárez Millán* *4 representantes do PP* *3 representantes de MVT* *1 representante de PG* *1 representante de BNG*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		1 Concelleiro non adscrito

SEGUNDO. Crear a seguinte comisión informativa:

Comisión informativa	***Asuntos sobre os que emitirá ditame:***	***Composición e funcionamento***
Comisión informativa de medio ambiente	*Ditaminará os asuntos relacionados co medio ambiente e o medio rural, e especificamente os relacionados cos terreos da antiga mina e co novo proxecto da mina*	*Presidente: Darío Rey Suárez* *5 representantes do PP* *3 representantes de MVT* *1 representante de PG* *1 representante de BNG*

TERCEIRO. *Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente de cada unha das comisión permanentes, a Presidencia será asumida polo membro titular do mesmo grupo Político ao que pertenza o presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva comisión, de non existir, corresponderalle ao alcalde.*

CUARTO. *A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos ós que anteriormente se fixo referencia, recoñecese o dereito de tódolos concelleiros membros da comisión informativa de poder consultar, directa e persoalmente, os Libros de Decretos e os Libros de Actas da Xunta de Goberno Local custodiados na Secretaría-Intervención da Corporación.*

QUINTO. *As sesións ordinarias das comisións informativas permanentes terán a mesma periodicidade que as sesións ordinarias de pleno, celebrándose os venres anteriores á celebración do pleno ordinario. De coincidir festivo celebrarase o primeiro día laborable seguinte (de luns de venres).*

*O seu funcionamento axustarase ao previsto nos artigos 17 e 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e, supletoriamente, polo que prevén os artigos 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que s*e aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

INTERVENCIÓNS

O voceiro de MVXT, Sr. Roberto Castro di que non estamos de acordo co segundo punto de creación da Comisión de Medio Ambiente porque calquera asunto que se poida tratarse nesa Comisión poderíase facer na de Asuntos Xerais e o único que se fai é crear un novo enredo administrativo máis. Nestes dous anos o que ten demostrado esta Corporación é que as comisións veñen servindo absolutamente para nada, polo que crear esta nova Comisión é unha redundancia con maior enredo administrativo, polo tanto votamos en contra por esta cuestión salvo que decidan suprimir da proposta ese punto co cal votariamos a favor.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que non teñen problema en que se cree unha comisión máis, posiblemente esta ten lóxica, máis alá de porque naceu, deixando de lado ese debate, vendo o problema que hai non está demais tela, polo que imos ir a votar a favor da proposta.

O Sr. alcalde di que a creación desta comisión é fruto dun pacto de goberno coñecido entre o PP e o Concelleiro Darío Rey. En canto ao funcionamento nos dous primeiros anos de lexislatura das comisións informativas, tamén ten moito que ver coa filosofía do anterior goberno, deberían ser un lugar de debate, de aportación de ideas e suxerencias, sempre que se dea a oportunidade aos grupos de que se teñan en conta e se valoren, concretamente e esa especificamente cremos que vai servir para conciliar e contrastar propostas nun tema delicado como é o medio ambiente e especial a problemática dos terreos da mina, coa finalidade de fomentar ese debate e escoitar aos grupos, que poidan xurdir propostas consensuadas se pode ser e esa é a finalidade específica desta comisión e esta un pouco vinculada tamén na delegación de competencias de alcaldía, e consideramos que o concelleiro que ten esa delegación debe liderar esta comisión.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da proposta, que resultou aprobada pola maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) e catro en contra (3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4 EXPEDIENTE 2025/G006/000236. RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DAS PERSOAS INTEGRANTES DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O Secretario-interventor fai un resumo da seguinte proposta que consta no expediente co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

*12.08.2025 Elección alcalde**.***

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. *Normativa que se aplica.*

Tense en consideración a seguinte normativa:

- Artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985

- Artigos 75, 75.bis e 75.ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL).

- Artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

- Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

- Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (LXSS)

- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LI)

- Bases de execución do Orzamento municipal da Entidade Local Concello de Touro (orzamento 2022 prorrogado)

SEGUNDA. *A normativa establece que as percepcións económicas dos cargos electos das Corporacións Locais como representantes comprenden os seguintes conceptos:*

- Retribucións salariais cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva.

- Retribucións salariais cando desempeñan o seu cargo en réxime de dedicación parcial.

- Asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

- Indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

TERCEIRA. *As indemnizacións a favor dos integrantes da Corporación municipal, regúlanse na base 17 das Bases de execución do orzamento municipal que establece unhas indemnizacións en concepto de asistencias a sesións de órganos colexiados de 150,00 € e unha indemnización do alcalde en funcións de 2.200 € brutos ao mes por un réxime de dedicación mínima de 5 horas diarias. Non se establece indemnización por asistencia ás sesións das mesas de contratación nin por xornadas que os membros da Corporación sen dedicación parcial ou exclusiva teñan que dedicar a tarefas propias do cargo que desenvolven.*

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. *Fixar o seguinte réxime de indemnizacións e asistencias das persoas integrantes da Corporación municipal:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisións de servizos ou xestións oficiais, dispostas pola corporación, polo seu presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes, no caso de utilización de vehículo propio, aplicaranse as indemnizacións que sexan de aplicación ás administracións públicas.

Indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos colexiados:

- *Sesións plenarias: 150,00 euros.*
- *Sesións da Xunta de Goberno: 150,00 euros.*
- *Reunións das Comisións informativas: 150,00 euros.*

SEGUNDO. *Notificar este acordo aos voceiros dos diferentes grupos políticos municipais e a todos os concelleiros, facendo constar á persoa integrante da Corporación designada para desenvolver o cargo ao que se lle recoñece a dedicación parcial que terá que aceptarse no prazo de 3 días dende a súa notificación.*

TERCEIRO. *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios deste Concello, dando traslado do mesmo á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para os efectos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.*

INTERVENCIÓNS

O voceiro de MVXT, Sr. Roberto Castro di que estamos de acordo coa proposta, é interesante o punto terceiro da proposta que di que se establece unha retribución para o alcalde en funcións de 2.200 € brutos ao mes por un réxime de dedicación mínima de 5 horas diarias, que son unhas 25 horas á semana. Recordar que quen trae esta proposta que é o goberno do PP votou en contra da proposta de Movemento Veciñal cando propuxemos 2.160 euros por unha adicación parcial mínima de trinta horas á semana, o actual alcalde e o seu grupo votaron en contra desa proposta, sen embargo agora propoñen para unha adicación parcial de 25 horas semanais de 2.200,00 euros, estamos de acordo con ela.

O voceiro do BNG di que está de acordo xa que se manteñen as mesmas contías que xa levan moitos anos.

O Sr. alcalde di que respecto o que dixo o voceiro de Movemento Veciñal, traemos este asunto a Pleno, porque realmente na pasada lexislatura non se aprobaron as dietas por asistencia tirando do argumento de que nas Bases do presuposto prorrogado figuraban esas indemnizacións, nin se tomou un acordo expreso e nos parecía correcto que a Corporación surxida das eleccións do 2023 tomase ese acordo. Respecto a indemnización do alcalde en funcións copiuose o que establecen as bases do orzamento, trátase dunha retribución puntual, que non podemos considerar un exceso retributivo.

O voceiro de MVXT, Sr. Roberto Castro, di que lle agredece que recoñeza que non é un exceso retributivo 2.200 euros e votase en contra no seu día de 2.160, nada máis.

O Sr. alcalde, di que por precisar, que o Grupo Popular entre outros votou en contra da retribución do alcalde anterior, creo que está clarísimo e evidente porque vostede quixo fixar o sueldo sin falar con nadie, por certo non é hoxe o día, pero traeremos esa Sentencia famosa que temos aí, que por certo, gustaríame saber, recorreu vostede esa Sentenza.

O Sr. Roberto Castro, resposta que si.

O Sr. alcalde o di para saber se é definitiva ou non. O motivo de votar en contra daquel sueldo non era a cantidade senón que nos quixo impoñer a súa vontade non só ao PP senón ao resto da Corporación; non dou a máis mínima opción de negociar, se un trágala dixemos non no seu momento e volveriamolo facer agora, o mínimo debería sentarse a negociar, xa dixemos que non estamos en contra de que o alcalde cobrase pero si que un alcalde en minoría nos quixese impoñer un sueldo pola súa santa vontade, vimos as argucias que fixo para aprobalo e quede definitivamente en evidencia e se confirme a sentenza da sin razón que tiña vostede nese momento.

VOTACIÓNS

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A continuación procedeuse á votación da proposta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/G003/000331. NOMEAMENTO TENENTES ALCALDES. TOMA DE RAZÓN DECRETO DA ALCALDÍA Nº 324/2015 DO 1 DE SETEMBRO DE 2025.

O Pleno toma coñecemento do citado Decreto co seguinte contido:

ANTECEDENTES

12.08.2025. Elección alcalde.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

PRIMEIRA. *O artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece como órgano necesario da organización municipal aos tenentes de alcalde.*

O seu nomeamento correspóndelle á Alcaldía (artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, establece que o seu nomeamento e cese realizarase por Decreto da Alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura da Resolución pola Alcaldía, se aquela non establece outra cosa.

No mesmo senso exprésanse os artigos 61.2 e 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

SEGUNDA. *Os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde de entre os membros da Comisión de Goberno e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros.*

Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante resolución do Alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se nela non se dispuxese outra cousa.

Nos municipios con Xunta de Goberno o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de membros daquela.

TERCEIRA. *A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de por o cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membros da Xunta de Goberno Local.*

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Nomear os seguintes tenentes de alcalde, con efectos dende o día seguinte ao da sinatura deste decreto, aos concelleiros:

Número de orde:	***Concelleiro***
1ª tenente de alcalde	*REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO*
2º tenente de alcalde	*ALFREDO SOUTO CASTELO*
3ª tenente de alcalde	*ISOLINA SUÁREZ MILLÁN*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SEGUNDO. *Corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións.*

TERCEIRO. *Darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.*

6 EXPEDIENTE 2025/G003/000332. ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS. TOMA DE RAZÓN DECRETO DA ALCALDÍA Nº 325/2015 DO 1 DE SETEMBRO DE 2025.

O Pleno toma coñecemento do citado Decreto co seguinte contido:

ANTECEDENTES

17.06.2023. Constitución da Corporación municipal.

12.08.2025 Elección de Alcalde

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Tras a elección de alcalde o día 12 de agosto de 2025, procede, conforme o establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro de 1986, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, procede fixar estrutura da Administración municipal.

As Áreas de Goberno constitúen o primeiro nivel esencial da organización municipal e comprenden, cada unha de elas, un ou varios sectores da actividade administrativa.

Pola súa banda, as Concellarías Delegadas, constituirán o segundo nivel esencial da organización municipal, e comprenden un ou varios ámbitos de competencia municipal e estarán integradas na estrutura organizativa dunha Área de Goberno.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. *A administración do Concello de Touro, baixo a superior dirección do alcalde, estrutúrase nas seguintes áreas de goberno e concellarías delegadas:*

- ***a)*** *Área de Goberno de Servizos Sociais, Muller e Igualdade*
- ***b)*** *Área de Goberno de Obras*
- ***c)*** *Área de Goberno de Cultura, Deportes e Turismo*
- ***d)*** *Área de Goberno de Facenda, Contas e Desenvolvemento Local*
- ***e)*** *Área de Medio Ambiente, Patrimonio e Camiño de Santiago.*

SEGUNDO. *Sen prexuízo da superior dirección política da Alcaldía, o goberno e coordinación dos servizos corporativos do Concello de Touro corresponden ás áreas establecidas coas competencias que de seguido se relacionan, nos termos que se determinan na resolución de delegación de atribucións do alcalde:*

- REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO. 1ª Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Muller e Igualdade.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Servizos Sociais.

- ALFREDO SOUTO CASTELO. 2º Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Obras.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Obras.

- ISOLINA SUÁREZ MILLÁN. 3ª Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Cultura, Deportes e Turismo.
Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Cultura, Deportes e Turismo.

- MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO concelleira delegada da Área de Facenda, Contas e Desenvolvemento Local.

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de Facenda, Contas e Desenvolvemento Local.

- DARÍO REY SUÁREZ, concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Patrimonio e Camiño de Santiago.

Correspóndenlle as competencias municipais en materia de medio ambiente, patrimonio e Camiño de Santiago.

***TERCEIRO.** As competencias das persoas concelleiras delegadas nas súas áreas de goberno inclúen a facultade de dirección, planificación e coordinación das áreas administrativas nas que desenvolvan as súas funcións no ámbito material da competencia delegada, incluída a facultade de formular propostas de resolución ou acordo, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes pero non a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

***CUARTO.** As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as delegados na súa área de goberno e en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, a Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.*

***QUINTO.** Estas delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros,entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación.*

***SEXTA.** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.*

***SÉTIMA.** Notificar a este decreto a todos/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.*

***OITAVA.** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.*

***NOVENA.** Este acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.*

***DÉCIMA.** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.*

7 EXPEDIENTE 2025/G003/000333. NOMEAMENTO MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL. TOMA DE RAZÓN DECRETO DA ALCALDÍA Nº 326/2015 DO 1 DE SETEMBRO DE 2025.

O Pleno toma coñecemento do citado Decreto co seguinte contido:

ANTECEDENTES

17.06.2023. Constitución da Corporación municipal

18.07.2023 Acordo plenario de constitución da Xunta de Goberno Local.

12.08.2025 Elección alcalde

*De conformidade co disposto nos arts. 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/85, do 2 de abril e art. 35.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo presente **RESOLVO***

***PRIMEIRO.** Que a Xunta de Goberno Local a integren:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente.

Rebeca María Codesido Barreiro, 1ª Tenente Alcalde

Alfredo Souto Castelo, 2º Tenente Alcalde

Isolina Suárez Millán, 3ª Tenente Alcalde

SEGUNDO. *Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se celebren cada quince días, os martes da segunda e a cuarta semana de cada mes, ás catorce horas.*

Sen prexuízo de dita periodicidade, o alcalde poderá modificar o día e a hora de realización das sesións, así
como suspendelas pola coincidencia con períodos festivos, e pospoñerou avanzar a súa realización dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de realización sexa inhábil ou concorran circunstancias especiais.

TERCEIRO*. Corresponderá á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a Presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue calquera órgano municipal ou expresamente atribúanlle as leis.*

CUARTO. *Darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial* da Provincia da Coruña, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.

8 EXPEDIENTE 2025/G003/000334. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. TOMA DE RAZÓN DECRETO DA ALCALDÍA Nº 327/2015 DO 1 DE SETEMBRO DE 2025.

O Pleno toma coñecemento do citado Decreto co seguinte contido:

ANTECEDENTES

18.07.2023. Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local do Concello de Touro

*12.08.2025 Elección alcalde****.***

CONSIDERACIÓN TÉCNICAS E XURÍDICAS

A Xunta de Goberno Local non é un órgano de carácter necesario nos municipios que conten cunha poboación de dereito inferior a cinco mil habitantes (artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local).

De constituírse, esta integrada polo alcalde, que a preside, e por un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo Alcalde (artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local).

No caso do Concello de Touro o número de integrantes (alcalde incluído) é de 4.

A Xunta de Goberno Local ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas funcións, así como aquelas outras que lle deleguen o pleno ou o alcalde ou lle atribúan as leis.

O artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, en relación co disposto nos artigos 43.2, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, atribúe ao alcalde a competencia para constituír dito órgano

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. *Delegar na Xunta de Goberno local as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle atribúen directamente os artigos 23.2 da Lei 7/1985 e 53 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, así como as que lle atribúan directamente as leis e as bases de execución do orzamento municipal e, por delegación desta Alcaldía, asumirá as seguintes competencias:*

A) As contratacións e concesións de toda clase de obras, servizos e subministros, dentro dos límites competenciais que ó alcalde-presidente outorga a DA segunda da Lei de contratos do sector público.

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

B) En materia de gastos:

1.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:

- Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.

- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

- Os intereses e amortizacións de préstamos, gastos por xestión de recibos e comisión bancarias.

- Gastos derivados de publicación de anuncios en boletíns oficiais, taxas administrativas e multas e sancións.

2.- Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigas en tódolos supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno Local.

3.- Acordos relativos a concesión de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados.

4.- Acordos relativos a recoñecemento de trienios ós empregados públicos municipais.

C.- En materia de ingresos:

1.- Aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos.

2.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

3.- Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos.

D) Outorgar licenzas, agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúa no Concello Pleno e, concretamente, outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, de derrubo e de parcelacións, autorizacións
para ocupación de dominio público local e autorizacións de pasaxe permamente, así como a concesión de autorizacións de entroncamentos de auga e conexións á rede de sumidoiros municipal.

E) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

F) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

G) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación.

H) O exercicio das acción xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía.

I) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos na DA segunda da lei de contratos do sector público.

SEGUNDO. *Nos acordos que se adopten pola Xunta de Goberno Local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e entenderanse ditados pola Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos.*

Non obstante, esta Alcaldía reservase a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido no artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Independente das competencias que se delegan esta alcaldía poderá someter a consideración da xunta de goberno local como órgano de deliberación, asesoramento e apoio a esta alcaldía calquera asunto da súa competencia que sexa delegable e sometelo a votación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO. *Publíque*se na sua parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia da Coruña e déase conta ao Pleno.

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Louzao dicindo que respecto da Xunta de Goberno está de acordo en que se cree, non tanto coa periodicidade de cada quince días, xa no anterior mandato dixemos que unha é suficiente, sempre se pode facer algunha extraordinaria; non sei se podo facer unha emenda de viva voz.

O Sr. alcalde di que a proposta é unha transcrición literal do ROF, que di que a comisión de goberno se se crea celébrase cada quince días, é certo que na constitución da Corporación de 2023 votamos a favor dunha vez ao mes, pero parécenos moito máis lóxico ter dúas ordinarias que estar facendo a ficción de unha ordinaria e dúas extraordinarias ao mes que foi a práctica que se veu facendo, e nalgún mes chegamos a ter catro, creo que só nun mes da lexislatura houbo unha soa comisión, con isto e co que di o ROF é evidente a proposta.

O voceiro do BNG pregunta se isto se pode levar a votación, que o plantexa por coherencia co aprobado ao inicio da lexislatura.

O Sr. alcalde resposta que non, que comentario queda aí e non pasa nada.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.30 horas do 4 de setembro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: 6NQe6NQ2LdYPib4GlD00 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.